

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

FACULTADE DE TURISMO

Aprobado en Xunta de Facultade de 16 de novembro de 2023

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
Observacións	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==		Páxina	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		1/11	

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Turismo axústase á dinámica da propia Facultade e ás particularidades derivadas de pertencer anteriormente á Escola Universitaria de Turismo, no que se viña desenvolvendo desde o curso 2009/2010.

Así mesmo, este proxecto de centro, integrado no PAT do conxunto da Universidade da Coruña, establécese dentro do marco da igualdade de xénero, tendo en conta aspectos que poden afectar á relación titor/a-alumno/a. Por isto séguense as recomendacións feitas desde a Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) co obxectivo na procura da igualdade, seguindo o Plan de Igualdade da UDC.

As titulacións ofertadas polo centro, e que forman parte do PAT son:

- Grao en Turismo.
- Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos desde o 1 de agosto de 2023.

Todo o alumnado matriculado nas titulacións mencionadas máis arriba forma parte do PAT da Facultade de Turismo. O PAT contempla tanto a titorización presencial como a non-presencial.

2.- ANÁLISE DAS NECESIDADES

Distínguese entre alumnado de novo ingreso, de continuación de estudos, de mobilidade ou de necesidades especiais.

Cando se trata de alumnado de novo ingreso, especialmente no caso do Grao, precisan dunha orientación diferenciada á do resto do alumnado de cara a unha correcta adaptación á titulación, ao centro, e á vida universitaria en xeral. É preciso sinalar, que no Grao en Turismo atopamos alumnado que ingresa por primeira vez para cursar os catro anos do Grao e alumnado que, no segundo cuatrimestre, incorpóranse por primeira vez para cursar os cinco anos do Programa de Simultaneidade de Grao en Turismo e Ciencias Empresariais. É por isto que, contamos co Programa de Alumnado-Mentor, alumnado do terceiro curso de Grao, ou posterior, que fan as tarefas de mentor/a, como se recolle no apartado correspondente.

As principais dúbidas que ten o alumnado de continuación de estudos do noso centro corresponden a cuestións de tipo organizativo (procedementos de matrícula, etc.). Nos últimos cursos prodúcese un importante número de dúbidas en relación á elaboración dos traballos de fin de grao (TFG's), as prácticas en empresas, a próxima inserción laboral, ou no seu caso, da extensión dos estudos.

No relativo á titorización, no Grao en Turismo, estímase a necesidade de dous/dúas Profesores/as-Titores no primeiro curso (formaranse dous grupos), un/unha Profesor/a-Titor/a para todos os cursos online, e un/unha Profesor/a-Titor/a para cada un dos cursos restantes.

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Observacións		Páxina	2/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Polo que respecta á titorización, no Programa de Simultaneidade de Grao en Turismo e Ciencias Empresariais, estímase a necesidade dun/dunha Profesor/a-Titor/a para cada un dos cursos.

En canto á mentorización, no primeiro curso do Grao en Turismo, estímase unha necesidade máxima dun/dunha Alumno/a-Mentor/a por cada 10 alumnos/as de nova matriculación.

Táboa 1.- Necesidades estimadas de Profesorado-Titor de Grao

Titulación	Cursos	Titores/as
Grao en Turismo (modalidade presencial)	4	5
Grao en Turismo (modalidade Online)	4	1
Programa de Simultaneidade de Grao en Turismo e Ciencias Empresariais	5	5
Total		11

No caso da titorización do alumnado de Mestrado, estímase que será preciso contar con catro Profesores/as-Titores/as, un/unha por cada modalidade e curso.

Táboa 2.- Necesidades estimadas de Profesorado-Titor de Mestrado

Titulación	Cursos	Titores/as
Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos (modalidade presencial)	2	2
Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos (modalidade non presencial)	2	2
Total		4

3. METAS E OBXECTIVOS

O principal obxectivo do PAT é asistir e orientar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe, na súa transición ao mundo laboral e no seu desenvolvemento profesional. O PAT é unha titoría continuada no tempo que ten moita importancia no primeiro curso académico, pero que permanece durante todo o período de estudo universitario. Máis en concreto, os obxectivos propostos para o PAT da Facultade de Turismo son:

1. Facilitar o proceso de transición e de adaptación do alumnado de novo ingreso á Facultade de Turismo e á contorna universitaria, e fomentar a familiarización do alumnado co funcionamento da Facultade (órganos, infraestruturas, ...) e da UDC.
2. Fomentar a participación do alumnado no PAT, na Facultade de Turismo e na representación do estudantado.

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
Observacións	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==		Páxina	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		3/11	

3. Facilitar información e orientación sobre todas as actividades e propostas formativas da Facultade de Turismo e da UDC, para o desenvolvemento integral do alumnado (cursos, conferencias, complementos formativos, actividades deportivas, manexo de ferramentas, formación en habilidades sociais, inserción laboral, ...).
4. Axudar ao alumnado a deseñar o seu itinerario curricular en función dos seus intereses e das súas posibilidades (bolsas, cursos de verán, ...).
5. Colaborar na identificación das dificultades que o alumnado atope nos seus estudos e analizar as posibles solucións. Inclúe as necesidades específicas do alumnado con discapacidade, necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), do colectivo LGTBIQ+ e das persoas deportistas universitarias da UDC segundo se definen na «Normativa do/a deportista de alto nivel da Universidade da Coruña (DANUDC)» ou outras normas que a substitúan.
6. Ofrecer información sobre os servizos, as axudas e os recursos á súa disposición na Facultade de Turismo e na UDC.
7. Orientar ao alumnado de Grao na Facultade de Turismo na inserción laboral e na formación continua.

4. CONTIDO

A. ACTUACIÓNS XERAIS

Como complemento de todas as actividades de titorización específicas do plan propio do Grao, o PAT da Facultade de Turismo desenvolve tamén unha serie de **accións de orientación** dirixidas ao alumnado:

- Semana de Acolida do alumnado de novo ingreso.
- Xornadas de Acolida para o alumnado entrante de mobilidade internacional.
- Xornada informativa sobre Mobilidade Erasmus+.
- Xornadas de portas abertas (dirixidas ao alumnado de bacharelato de varios centros de ensino secundario da área metropolitana da Coruña).

B. ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS

MES DE SETEMBRO

- Presentación do curso por parte do/a Decano/a da Facultade de Turismo.
- Presentación do Grao en Turismo por parte do/a Coordinador/a do Título.
- Presentación do Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos por parte do/a Coordinador/a do Mestrado.

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez		Asinado	16/11/2023 14:13:35
	Carlos Alberto Rivas Iglesias		Asinado	16/11/2023 12:42:31
Observacións			Páxina	4/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



- Presentación na aula da guía docente de cada materia por parte do profesorado correspondente.
- Realización das reunións necesarias para a planificación xeral do curso, prácticas do 1º cuatrimestre, planificación dos cursos complementarios e programa de calidade.
- Elección dos delegados/as de 1º de Grao e de 1º de Mestrado, confirmación dos cambios de delegados/as dos outros cursos, e reunión cos mesmos/as. A data límite para comunicar o alumno/a delegado/a será o 15 de outubro, mediante un correo electrónico ao/á Coordinador/a do PAT da Facultade de Turismo.

PRIMEIRO CUADRIMESTRE

- Detectar deficiencias e necesidades do alumnado.
- Comunicación continuada para todo o alumnado a través do enderezo electrónico: envío de novidades, actividades, cursos, oferta de emprego, prácticas, información sobre mobilidade internacional, etc.
- Infórmase a través do Portal de Estudos, da páxina web do centro e do correo electrónico de todo aquilo que se considera de interese para o alumnado.
- Orientar ao alumnado acerca da necesidade de elaborar correctamente o currículo académico enfocado segundo as perspectivas laborais.
- Organización de actividades complementarias nalgúns materias a criterio e proposta individual do Profesorado-Titor (saídas de campo, charlas ás que se convida a responsables ou altos cargos relacionados co Turismo, etc.).
- Revisión de logros e deficiencias.
- Reunións periódicas cos delegados/as de cursos.
- Incorporación das evidencias ao sistema de calidade da UDC.

SEGUNDO CUATRIMESTRE

- Xornada de Orientación Laboral dirixida ao alumnado, na que participan alumnado egresado que estea traballando nos diferentes sectores turísticos (axencias de viaxes, hoteis, empresas de servizo turístico, concellos, empresas privadas, etc.).
- Detectar deficiencias e necesidades do alumnado.
- Comunicación continuada para todo o alumnado a través do enderezo electrónico: envío de novidades, actividades, concursos, oferta de emprego, prácticas, información sobre mobilidade internacional, etc.
- Infórmase a través do Portal de Estudos, da páxina web do centro e do correo electrónico de todo aquilo que se considera de interese para o alumnado.
- Orientar ao alumnado acerca da necesidade de elaborar correctamente o currículo

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Observacións		Páxina	5/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

académico enfocado segundo as perspectivas laborais.

- Organización de actividades complementarias nalgúnhas materias a criterio e proposta individual do Profesorado-Titor (saídas de campo, charlas ás que se convida a responsables ou altos cargos relacionados co Turismo, etc.).
- Revisión de logros e deficiencias.
- Reunións periódicas cos delegados/as de cursos.
- Incorporación das evidencias ao sistema de calidade da UDC.

FINAL DO SEGUNDO CUATRIMESTRE

- Recollida de datos e propostas para elabora un plan de mellora cara ao próximo curso.
- Revisión das actividades realizadas.

5. RECURSOS

A Facultade de Turismo conta coas instalacións propias dun Centro que cumpre coas esixencias do EEES, ás que cabería engadir: a Biblioteca e a AulaNet. Cóntase, así mesmo, cunha serie de recursos tecnolóxicos, especialmente a páxina web da Facultade, onde se inclúe un apartado específico para o PAT, e tamén contén outros apartados de orientación ao alumnado (mobilidade, docencia, traballos fin de grao, prácticas en empresas, etc.), que permiten a comunicación fluída e continua co alumnado, así como o desenvolvemento de actividades formativas.

De todos os xeitos, o recurso fundamental do PAT, é o recurso humano, o cal colabora de forma voluntaria: Coordinador/a PAT da Facultade, Profesorado-Titor de Atención á Diversidade, Profesores/as-Titores de Grao, Profesores/as-Titores de Mestrado e Alumnado-Mentor.

6. MODELO ORGANIZATIVO

As figuras de colaboración contempladas na estrutura do PAT da Facultade de Turismo e ás súas funcións, son:

O/a **Coordinador/a do PAT** da Facultade de Turismo, nomeado/a polo decanato do centro entre o seu profesorado, que desenvolve as tarefas de coordinación e de representación do PAT.

O/a **Profesor-Titor/a de Atención á Diversidade**, docente da Facultade de Turismo (pode haber máis dun/dunha, en función do número de alumnado que participe nalgún

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Observacións		Páxina	6/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

dos programas que desenvolve a Unidade de Atención á Diversidade) nomeado/a polo decanato do centro, que ten a función de facilitar a plena integración do alumnado con discapacidade, necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), do colectivo LGTBIQ+ e das persoas deportistas universitarias da UDC segundo se definen na «Normativa do/a deportista de alto nivel da Universidade da Coruña (DANUDC)» ou outras normas que a substitúan. Traballa en colaboración directa coa Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) da UDC.

Os/as **Profesores/as-Titores/as de Grao**, son docentes da titulación nomeados polo decanato do centro, preferentemente do mesmo curso do que son titores/as, que comprométense a orientar, guiar e informar ao alumnado asignado nas súas necesidades académicas, así como recoller queixas e suxestións para un mellor desenvolvemento académico. Participa ademais na coordinación e avaliación do PAT e nas actividades e actuacións propostas.

Haberá un/unha Profesor/a-Titor/a por curso, salvo en primeiro, que debido ao alto número de alumnado, dividirase alfabeticamente en dous grupos, asignándoseles a cada un deles un/unha Profesor/a-Titor/a. Procurarase, se fose posible, que o/a Profesor/a-Titor/a ao alumnado titorizado mantéñase ao longo da traxectoria académica deste último.

O/a Profesor/a-Titor/a pode atender as demandas do alumnado de forma personalizada ou grupal, presencial ou virtual.

Os/as **Profesores/as-Titores/as de Mestrado**, son docentes da titulación nomeados polo decanato do centro, centrados na titorización do alumnado de Mestrado. Participan ademais, na coordinación e avaliación do PAT e nas actividades e actuacións propostas.

O/a Profesor/a-Titor/a pode atender as demandas do alumnado de forma personalizada ou grupal, presencial ou virtual.

O/a Coordinador/a do PAT da Facultade de Turismo, propoñerá, de maneira aleatoria e equitativa, de entre o profesorado que se presente voluntario, a asignación de Profesores/as-Titores/as ao alumnado de Grao e Mestrado, e revisarase cada ano, tras a avaliación final de memoria do PAT do curso académico.

O **Alumnado-Mentor** escóllese pola coordinación do PAT da Facultade de Turismo entre o alumnado dos últimos cursos do Grao en Turismo (3º ou 4º), que se presente de maneira voluntaria, para que, ao longo do curso, preste apoio, oriente e guíe, desde a súa experiencia, ao alumnado de novo ingreso no Grao en Turismo. Cada Alumno/a Mentor/a terá asignado un grupo reducido de alumnos/as do Grao en Turismo.

Funcións das figuras implicadas:

Coordinador/a do PAT da Facultade de Turismo:

- Xestionar encontros co Profesorado-Titor para valorar o PAT da Facultade de Turismo. Como mínimo, terá unha reunión ao inicio do curso, outra ao finalizar o 1º cuatrimestre e unha derradeira ao finalizar o curso.

Aínda que se anima a que as reunións se fagan de xeito presencial, poden tamén ser

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35
Observacións	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Páxina	7/11
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



virtuais, sempre empregando os canles oficiais da universidade.

- Acoller ao alumnado que chega a Facultade de Turismo e informalo sobre o PAT
- Coordinar o desenvolvemento do PAT e aclarar dúbidas sobre este.
- Animar á participación do profesorado e do alumnado.
- Xestionar o espazo web do PAT da Facultade de Turismo.
- Dinamizar e apoiar ao Profesorado-Titor e Alumnado-Mentor.
- Elaborar /coordinar unha memoria final.

Profesor/a-Titor/a na Facultade de Turismo:

- Acoller ao alumnado que lle foi asignado.
- Participar na elaboración e coordinación do PAT.
- Orientar, informar e facer un seguimento do alumnado.
- Convocar reunións durante o curso para dialogar co alumnado e coñecer os seus intereses e as súas necesidades. Como mínimo, terá unha reunión ao inicio do curso, outra ao finalizar o 1º cuatrimestre e unha derradeira ao finalizar o curso.
Aínda que se anima a que as reunións se fagan de xeito presencial, poden tamén ser virtuais, sempre empregando os canles oficiais da universidade.
- Establecer canles accesibles para a comunicación co alumnado titorizado.
- Desenvolver as actividades do PAT.
- Participar na avaliación do PAT e da súa propia actuación.
- Contribuír na coordinación pedagóxica do equipo docente da Facultade de Turismo.
- Asesorar nas dificultades non académicas do alumnado e na resolución de problemas.
- Mediar nos conflitos que se poidan dar entre alumnado e profesorado.
- Achegar a documentación necesaria á coordinación do PAT do centro para a elaboración da memoria final.

Alumnado-Mentor do Grao en Turismo:

- Colaborar no desenvolvemento das actividades do PAT.
- Ofrecer información e acompañamento ao alumnado asignado (sobre o plan de estudos, actividades do centro e a Universidade, etc.).
- Participar no seguimento do proceso formativo do alumnado titorizado.
- Fomentar a participación do alumnado en actividades do centro.
- Manter cando menos unha xuntanza co alumnado mentorizado ao principio e ao final de cada cuatrimestre.
- Asistir ás reunións programadas desde a coordinación do PAT da Facultade de Turismo.

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Observacións		Páxina	8/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

7. CRONOGRAMA

LISTADO RESUMO DE ACTUACIÓNS

ACCIÓNS	OBXECTIVOS	DESTINATARIOS	RESPONSÁBEL	CALENDARIO	SEGUIMIENTO
Captación Profesorado-Titor	Titorización	Todo o profesorado	Coordinador/a do PAT	Xullo-Setembro	Memoria do PAT
Xornada de Acolida/Sesión de Acolida.	Conseguir a Integración do alumnado de novo ingreso.	- Alumnado de 1º de Grao en Turismo - Alumnado de 1º de Mestrado	- Equipo decanal - Coordinador/a do Mestrado	Setembro	Alumnado asistente
Presentación na aula da guía docente de cada materia polo profesorado Correspondente.	Informar ao alumnado dos contidos, metodoloxía e avaliación de cada materia.	Alumnado de todos os cursos e titulacións	Profesorado responsables das materias	Durante o transcurso da primeira clase de cada materia	Nas reunións do profesorado
Captación Alumnado-Mentor	Apoio ao alumnado de novo ingreso	Alumnado de 3º ou 4º de Grao	Coordinador/a do PAT	Setembro	Memoria do PAT
Facilitar información do PAT	Informar dos obxectivos e actividades a realizar ao longo do curso.	Todo o alumnado	Coordinador/a do PAT	Setembro	- Memoria final do PAT - Avaliación dos/das titores/as
Presentacións dos/as Alumnos/as-Mentores/as a primeiro de Grao	Apoiar, orientar, e guiar, dende asúa experiencia, un grupo de alumnado de novo ingreso.	- Alumnado-Mentor de 3º ou 4º de Grao - Alumnado mentorizado de 1º de Grao	- Coordinador/a do PAT - Responsable de Calidade	Ao longo de todo o curso	- Reunións co alumnado. - Memoria do PAT
Xornada informativa sobre programas de mobilidade	Informa ao alumnado da oferta para o vindeiro curso	Alumnado de 2º e 3º	- Coordinador/a do PAT e - Vicedecano/a de Relacións Internacionais	Primeiro cuadrimestre	Número de participantes
Reunións periódicas cos/coas delegados/as	Informar das actividades que se farán ao longo do curso e detectar necesidades	A través dos/das delegados/as de curso	- Coordinador/a do Grao en Turismo - Coordinador/a do Mestrado - Coordinador/a do PAT	Ao inicio do primeiro cuadrimestre. Ao inicio do segundo cuadrimestre e ao finalizar o mesmo	- Coordinador/a do Grao en Turismo - Coordinador/a do Mestrado - Coordinador/a do PAT - Profesorado-Titor
Reunións co Profesorado-Titor e co Alumnado-Mentor	Detectar deficiencias e necesidades do alumnado	A través do Profesorado-Titor e do Alumnado-Mentor	- Coordinador/a Grao Turismo - Coordinador/a do Mestrado - Coordinador/a do PAT - Responsable de Calidade	Ao inicio do primeiro cuadrimestre. Ao inicio do segundo cuadrimestre e ao finalizar o mesmo	Proposta de medidas para as deficiencias e necesidades detectadas

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Observacións		Páxina	9/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Recoller información de reclamacións ou felicitacións.	Detectar deficiencias, necesidades e reforzos positivos do alumnado	Todo o alumnado	- Coordinador/a Grao Turismo - Coordinador/a do Mestrado - Coordinador/a do PAT - Responsable de Calidade	Ao longo de todo o curso	Proposta de medidas para as suxestións, reclamacións e felicitacións recibidas
Xornada - taller de Orientación laboral dirixida ao alumnado na cal participa alumnado egresado que estea traballando nos diferentes sectores turísticos	Manter informado ao alumnado da realidade laboral e posibilidade de acceso ao emprego	Alumnado de 3º e 4º de Grao	- Coordinador/a Grao Turismo - Coordinador/a do PAT - Responsable de Calidade	Segundo cuatrimestre (preferentemente)	- Número de participantes - Profesorado-Titor
Organización de actividades complementarias nalgúns materias a criterio e Proposta individual do Profesorado-Titor (saídas de campo, charlas ás que convidase a responsables ou altos cargos relacionados co Turismo, etc.)		Todo o alumnado	- Coordinador/a do Grao en Turismo - Coordinador/a do Mestrado - Coordinador/a do PAT - Profesorado-Titor	Ao longo de todo o curso	- Enquisas de satisfacción - Profesorado-Titor
Comunicación continuada para todo o alumnado a través do enderezo electrónico e da web: envío de novidades, actividades, concursos, cursos de interese, conferencias, oferta de emprego, prácticas, información sobre mobilidade internacional...	Manter informado da actualidade	Todo o alumnado	- Coordinador/a do Grao en Turismo - Coordinador/a do Mestrado - Coordinador/a do PAT	Ao longo de todo o curso	- Enquisas de satisfacción - Profesorado-Titor
Revisión e avaliación das actividades realizadas				Final de cada cuatrimestre	Memoria do PAT

8. AVALIACIÓN

Ao finalizar cada cuatrimestre celebraranse reunións co alumnado e cos Profesores-Titores

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Observacións		Páxina	10/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

que valoren a utilidade do PAT, e que permitan detectar necesidades ou debilidades, así como fortalezas. A intencionalidade do PAT é servir de fonte de información e avaliación das diferentes actividades planificadas cada curso de cara a orientar e apoiar ao alumnado do Grao en Turismo.

A información obtida nesta reunión avaliativa final realizada en xullo entre o conxunto do Profesorado-Titor da Facultade de Turismo e o/a Coordinador/a do PAT será incorporada na memoria final, que deberá ser enviada para os responsábeis do PAT da Universidade da Coruña nos modelos e prazos marcados.

Asdo.

Carlos Alberto Rivas Iglesias

Coordinador do PAT da Facultade de Turismo

V. e pr.

Rosa María Mariz Pérez

Decana da Facultade de Turismo

Código Seguro De Verificación	8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a - Facultade de Turismo - Rosa María Mariz Pérez	Asinado	16/11/2023 14:13:35	
	Carlos Alberto Rivas Iglesias	Asinado	16/11/2023 12:42:31	
Observacións		Páxina	11/11	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8MeBt1Rdi+ZxvkJUnJ/J1A==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			